

## BASES DO CONCURSO

# Concurso de Debuxo Equality 3.0

### Necesitamos un novo mural no patio.... Atrévete a facer o deseño?

Xa está aquí o primeiro concurso de debuxo Equality 3.0. en colaboración co IES Xesús Ferro Couselo e patrocinado pola ANPA a través da subvención da Secretaría Xeral de Igualdade. Anímaste a participar?

#### **Bases do Concurso**

**Primeira:** Poderán participar neste concurso os alumnos/as de **cuarto da ESO, primeiro e segundo de bacharelato** do IES Xesús Ferro Couselo que presenten un debuxo que será replicado por un muralista na pared do patio, no medio dos graffitis xa existentes.

O traballo poderá ser realizado de maneira individual ou colaborativa (familia, amig@s ou compañeir@s)

**Segunda:** A temática do debuxo estará relacionada coa igualdade (por exemplo: vestimenta, estereotipos, deportes, traballo, relacións/amizades, etc.)

**Terceira:** Os traballos presentaranse en papel na conserxería do centro ou en formato dixital no correo electrónico: [ies.ferro.couselo@edu.xunta.gal](mailto:ies.ferro.couselo@edu.xunta.gal), incluíndo en ambos casos o nome e apelidos dos participantes.

**Cuarta:** O prazo de presentación será ata as 00:00h. do **luns 8 de novembro de 2021**.

**Quinta:** Establécese un **primeiro premio para o gañador/a do concurso de 50€ en metálico** así como na réplica do debuxo a través dun graffiti no patio do centro.

**Sexta:** O xurado encargado de emitir o fallo sobre os textos presentados estará composto por:

- Un/unha profesor/a do Centro
- Un/unha representante do equipo directivo
- Un/unha representante da Anpa
- Un/unha delegado/a de cada nivel participante ( 1 delegado de 4 ESO, 1 delegado de 1 Bac 1 delegado de 2 bac)

**Sétima:** Os criterios para a valoración dos debuxos basearanse fundamentalmente na capacidade para concienciar sobre os principios da igualdade de oportunidades e tamén:

- A orixinalidade.
- A calidade
- A relación cos graffitis xa existentes

De acordo cos requisitos antes mencionados, a selección dos/as gañadores/as realizarase do seguinte xeito: cada debuxo presentado valorarase de 1 a 5 puntos, sendo 1 a nota máis baixa e 5 a nota máis alta. O resultado de cada puntuación será o resultado da suma das cualificacións obtidas por cada unha das persoas que forman o xurado.

No caso de empate, revisaranse os debuxos empatados, clasificándose de novo e procederase á suma das puntuacións obtidas.

**Oitava:** A participación neste premio implica a aceptación plena destas bases e o incumprimento dalgunha delas anulará a participación.